

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2018 11:05:28

SAIDA **3451/18**

Sr. alcalde-presidente do Concello do Páramo
Torre, nº 1
27363 - O PÁRAMO (Lugo)

Expediente: N.7.Q/944/18

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018

Sr. alcalde:


Esta institución tivo coñecemento o 15 de marzo (R. entrada nº 1877/18) dos seguintes feitos que afectan aos veciños de Paredes.

- 1) *Hai mais de tres anos de presentar por rexistro escrito con solicitudes, preguntas, así como diversas conversas co Alcalde, para que procedese ao arranxo da estrada principal de acceso ao noso pobo, a cal se atopa desde fai máis de tres anos nun estado lamentable.*
- 2) *Nunca tivemos máis resposta pola súa banda que o silencio, entendemos que este só cabe ante un procedemento administrativo, este non é o caso. Para nós ese silencio simboliza unha falta de respecto cara aos seus cidadáns e un abandono importante das súas funcións, iso sen contar os serios prexuízos que tal actitude ocasionou á veciñanza.*
- 3) *Esta situación viuse agravada nos últimos tempos polas declaracións do Alcalde asegurando que "os veciños de Paredes teñen o que se merecen" e que mentres siga presidindo o concello "non haberá un euro nin nada para o pobo". Estas afirmacións sen dúbida son de todo impropias de quen debe tratar aos seus cidadáns con respecto e tratándose dun cargo público que di defender os intereses dos seus veciños.*
- 4) *E para que isto quede suficientemente documentado, a continuación achégolle unha reportaxe fotográfica do estado actual do viario para que ao mesmo tempo teña constancia fidedigna do anteriormente exposto, saque as súas propias conclusións e tome as medidas oportunas pola súa banda."*

Tendo en conta os feitos expostos e vista á atribución conferida a esta Institución polo artigo 16.1 da lei autonómica 6/1984, do 5 de xuño, resolvo, de oficio, iniciar o expediente de queixa N.7.Q/944/18 co obxecto de requirir dese concello unha información suficiente sobre os feitos expostos.

No exercicio da competencia de supervisión da actividade pública da administración local requirida, ábrese un prazo de 15 días para que nos remitan o informe procedente.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo